

CRISTINA PAVÓN

Retomei o vampirismo para revivir o seu espírito transgresor nunha clave contemporánea

A memoria. A identidade. O mundo como construción humana, lingüística. A ciencia. O racional e o inconsciente. O onírico. A diferenza. O xénero. Son algunhas das coordenadas nas que se move a escrita de Cris Pavón, gañadora do Premio Carvalho Calero de narrativa con 'A busca da orixe perdida das especies' (Laiovento). A autora publicara o ano pasado 'Sangue 12€', (Urco). Nuns meses, Urco editaralle tamén a súa obra 'Limiar de conciencia', que fora hai anos finalista dos premios Xerais.

Montse Dopico **Texto e fotos**

Proust sae no primeiro relato de 'A busca da orixe perdida das especies'. Os experimentos de memoria involuntaria, que permiten volver a un momento dos nosos recordos. Que é o que fascina tanto a protagonista?

A memoria involuntaria -quen a probou o sabe- é unha experiencia moi intensa, moi saborosa. Pero, máis aló do pracer de experimentar a recuperación dun eu antigo, está o asombro ante o feito: a inmensidade de lembranzas que temos connosco e que talvez non agromen nunca, o palpábel que resulta o que temos mudado. Chamarlle identidade ao suxeito que soporta eses eus tan diferentes é ben paradoxal... O

relato naceu das reflexións que distintos autores fan sobre a memoria. Navegando ao chou dei cun ensaio de Beckett sobre Proust. Sorprendeume, como a tanta xente, pois textualmente son de aparencia ben distinta: o Proust da sintaxe frondosa e a subordinación sen límite, da expresión dunha vivencia con minuciosidade que non repara no número de páxinas, e o Beckett ás veces monosilábico, sempre conciso, tallante, de sintaxe libre e transgresora. E tamén opostos nos seus escenarios, os mundos snobs de Proust fronte os mundos marxinais ou abstractos de Beckett. Mais coinciden en seren estremos, en iren a cerna do que atopan esencial na condición humana, e ese

obxectivo úneos. Para min son dous mestres, e lin o ensaio 'Proust' con verdadeira fascinación e ledicia. Nel Beckett fai especial fincapé nas memorias involuntarias, unha experiencia rodeada dun halo místico pois permite superar o tempo. E eu quixen levar esa experiencia ao extremo facendo uso da tecnoloxía, tecnoloxía que socava as nosas conviccións sobre a identidade, algo que Philip K. Dick xa ilustrou magnífica e visionariamente.

A memoria é unha invención, coméntase neste primeiro relato. E a memoria está presente en todos os relatos do libro. En relación coa identidade. Por que ese interese na memoria?



A memoria é unha invención 'controlada', é unha re-creación sometida a filtros racionais, emocionais. É esencial en calquera ser vivo, todo o que somos é soportado pola memoria. Como unha non vai ter un interese niso? A neurociencia cognitiva, psicanálise incluída, vai amosando os mecanismos e a xeografía dese territorio, e eu tento achegarme ao coñecemento que a divulgación científica ofrece. Sen memoria non pode haber, xa non identidade, senón nin sequera percepción. Contrastamos o que recibimos a través dos sentidos co que temos xa interiorizado, esquematizado. Así re-coñecemos, entendemos o que percibimos no nivel máis básico da cognición. A iso haille que engadir, superpoñer, modelos máis complexos (lingüísticos, xenéricos, afectivos, éticos) que imos

A ciencia ten moito que dicirnos de cuestións que atinxen a calquera suxeito, tanto por facernos entender o mundo no que vivimos como polo xeito en que o modifica, e tamén pola aceleración coa que o ven facendo no último século.

absorbendo do medio no que nos socializamos... E outra cuestión a ter en conta nese proceso son os contidos

da psique que non chegan a lembrarse, as causas polas que non lles é doado facerse conscientes.

Primeiro foi a macheta, a tecnoloxía, e despois as palabras. De onde procede ese interese pola ciencia e a linguaxe que se nota nas túas obras? En calquera caso, o que salientas é que o mundo é unha construción humana. Por que?

O interese pola ciencia é interese polo coñecemento, por unha forma de coñecemento que non é a única, pero si de relevancia indiscutible. A ciencia ten moito que dicirnos de cuestións que atinxen a calquera suxeito, tanto por facernos entender o mundo no que vivimos, como polo xeito en que o modifica, e tamén pola aceleración coa que o ven facendo no último século. E procuro salientalo porque na medida en que

Puideron Ada Lovelace (primeira programadora da historia) e Mary Wollstonecraft Shelley terse coñecido? Supuxen que non, para non forzar as súas biografías. Pero como non ían saber unha da outra? Como Ada Byron, rapaza espelida e educada nas ciencias, non ía ter curiosidade polo que escribira unha muller amiga do seu pai, ese home ao que non coñeceu e que era, segundo a súa nai, a encarnación do mal?

o mundo é unha construción humana, somos responsables das desfeitas. E tamén porque hai moitos elementos que se presentan como 'naturais' para darlles un valor absoluto, cando son culturais, construídos (algo que acontece co determinismo biolóxico, cos xéneros...) En canto ao interese pola linguaxe, é unha tecnoloxía do pensamento, é o molde simbólico co que nos cuñan para estarmos no mundo. E se escribes, con maior razón haste preguntar pola linguaxe, tanto como ferramenta cognitiva como estética.

A historia entre unha vampira e unha adolescente

'Sangue 12' é unha historia de amor entre unha vampira que non quixo facerse maior e unha adolescente. Como xorde a idea desa historia? Como constrúes o personaxe da vampira?

Exactamente é unha historia de amor entre unha rapaza que, para non facerse maior, convértese en vampira, e outra rapaza adolescente. A historia xorde ao combinar varias liñas: unha, o transo adolescente, e algo que dei en chamar sentimento peter-pánico, a resistencia a deixar a infancia malia o enganoso atractivo -pura miraxe- de acadar independencia ao medrar; outra, o salto tecnolóxico transcorrido en dous séculos na nosa sociedade, comparábel ao salto na condición da muller, con subliñado en vermello dos tabús que seguen a existir, indicadores claros que de o patriarcado segue aí. E máis outra liña que xurdiu ao responderme á seguinte pregunta: puideron Ada Lovelace (primeira programadora



Sangue 12
Cristina Pavón
Urco, 2014

da historia) e Mary Wollstonecraft Shelley terse coñecido? Supuxen que non, para non forzar as súas biografías. Pero como non ían saber unha da outra? Máis concretamente, como Ada Byron, rapaza espelida e educada nas ciencias, non ía ter curiosidade polo que escribira unha muller amiga do seu pai, ese home ao que non coñeceu e que era, segundo a súa nai, a encarnación do mal? Como non ía ter curiosidade por unha muller como M. Wollstonecraft que escribía, daquela, ficción científica, co que a ciencia lle interesaba a Ada?

Unha ruptura sen embargo coa temática da túa obra anterior...

Logo de rematar 'Limiar de conciencia', de longa documentación e escrita, de temática moi computacional e racional, tiña gana de escribir sobre o eido onírico, o inconsciente, o impulsivo e transgresor. A figura da vampira xorde da reflexión sobre os adolescentes que coñezo e que observo, as súas tribos, modas, arelas, e da reflexión sobre os monstros góticos da

época, Frankenstein, o Vampiro. Unha vampira pareceume perfecta para o que quería contar. É un personaxe romántico por excelencia, suxeito aos seus impulsos como boa adolescente que é. A vampira de 'Sangue 12' é un ser rebelde, que ten a afouteza de seguir o seu propio criterio, de cometer os seus propios erros. Como amais é unha muller, resulta imperdable esa actitude na súa época, e arestora... pode que tamén, con ese devezo seu polo sangue menstrual.

A vampira consegue atraer a rapaza, entre outros motivos porque adora o que a ela lle ensinaran a desprezar, a rexeitar: a súa regra. De que maneira nace este libro tamén diso, do rexeitamento do tabú que se mantén arredor da regra?

Está dende o mesmo título até a última páxina. Retomei o vampirismo, non para usalo como algo xa incorporado á cultura e ao imaxinario colectivo e que xa está neutralizado, e así facer un texto reconfortante, senón para revivir o seu espírito transgresor nunha clave contemporánea.

En contraposición coa morte, a vampira descobre o pracer. Móvea o desexo. Non tanto de sangue, senón de sexo, de encontro. Querías, dalgunha maneira, darlle a volta ao mito do vampiro?

Si. De feito, a vampira é incapaz de sentir pracer sexual e a súa eternidade estáselle facendo moi longa, non lle saíu de todo ben a súa estratexia (Erros e Tanatos, que dicía o outro). Até que dá cunha rapaza, Nanda, que lle lembra a Ada Lovelace, da que estivo moi namorada, non recupera o



seu antigo interese polos encontros coa mocidade.

En ‘Sangue 12’ hai unha máquina construtora de vida. En ‘Limiar de conciencia’, unha máquina lingüística avariada escribe unha novela. Cal era o obxectivo de ‘Limiar de conciencia’?

Quería falar de temas que sempre me interesaron. Como se pode construír unha intelixencia artificial, centrada na súa vertente lingüística, como procesamos o coñecemento, como un test de Turing pode dar moito xogo literario, como a simulación computacional é xa un paradigma de coñecemento, como o respecto á diferenza enriquecéenos, como somos o que lemos... Temas que se articulan arredor dun fío principal que é duplo: por unha banda, o que lle pasa á máquina LIDIA na súa contorna, na súa rede; e por outra, o texto que a propia LIDIA vai facendo, influído polas circunstancias externas e polas lecturas que LIDIA fai. O segundo fío gáñalle axiña terreo ao primeiro, e os logs de LIDIA desenvolven unha narra-

ción ‘convencional’, ás veces interrompida, até o colapso final.

Ese libro, ‘Limiar de conciencia’, está editado en formato dixital. Mais fora finalista do Xerais. Foi unha escolla túa o formato dixital?

Ao non haber editora disposta a publicala, non vin moitas opcións máis. Conto algo disto no meu blog*.

Por debaixo de ‘Limiar de conciencia,’ como de ‘Sangue 12’ ou de parte dos relatos de ‘Á busca perdida’, está a túa relación con distintos textos da literatura universal. (Byron, M. Shelley, etc). Que textos che serven dalgún xeito de referencia para escribir as túas historias e por que?

Como di Rodrigo Fresán, a literatura é sempre metaliteratura. Todo o que teño lido me serve. E non só literatura, dende logo. ‘Sangue 12’ naceu arredor de Ada Lovelace, estraña geek daquela, así que as referencias polo que a ela atinxe como filla de Lord Byron, impúñanse por si mesmas: Byron e os seus amigos na vila

Diodati no mítico verán de 1816. Pero, máis aló dos referentes explícitos, a literatura é parte do argumento en tanto amosa o poder salvador, ou perturbador, da mesma, a forza coa que se mestura coa vida, ao ser fornecedora de modelos nalgúns momentos, de acubillo noutros. En ‘Sangue 12’ a protagonista atopa na literatura unha solución radical ao seu maior problema, a súa arela de non medrar. Como fixeron o Quijote, ou Emma Bovary, ou tantos outros de menor talla, ela busca no que ten preto, na súa contorna, e escolle a historia do Vampiro, escoitada da boca de Polidori.

Es colaboradora de ‘Letra en Obras’. Alguén dicía no facebook que por culpa do “gusto dominante” das editoras, xurados de premios... escritoras coma ti non eran máis coñecidas. Que pensas ti disto? Hai problema no noso sistema literario con certos enfoques?

Creo que si, que niso é un pouco rancio.

***<http://crispavon.com/>**